

PRoXeCTo LiNGuÍSTiCo De CeNTRo



ÍNDICE

1. Introducción.
2. Análise diagnóstica do IES de Melide.
3. Determinación da lingua vehicular por curso.
4. Obxectivos **xerais** e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
5. Medidas a desenvolver para a mellora da competencia lingüística do alumnado.
6. Tratamento integrado de linguas (TIL).
7. Seguimento e avaliación do plan.

1. INTRODUCCIÓN

O presente proxecto lingüístico debe ser elaborado ao abeiro do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Este decreto, no seu segundo parágrafo, di que “O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

Máis adiante di: “É necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz (...) respectando , así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.”

Nomeadamente, é no artigo 14 deste mesmo decreto onde se dictan as normas parar a elaboración do Proxecto Lingüístico do centro, no que se fai referencia a dous aspectos fundamentais que teñen que aparecer no mesmo:

1. Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias en secundaria e bacharelato.
2. Obxectivos e liñas de actuación para o fomento da lingua galega.

Segundo isto, o presente Proxecto Lingüístico debe fundamentarse en:

1. Unha diagnose da situación da lingua galega e do seu uso no centro.
2. Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
3. A determinación da lingua vehicular por curso.

Por outra banda, o decreto tamén recorda na súa introdución a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, que indica que “ao remate do ensino obrigatorio garantirase a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais”. E no mesmo artigo 14, ditamina que “o proxecto lingüístico fará constar as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, así como os procedemntos que aseguren que o alumnado de FP e ESA acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.”

Tendo tamén en conta que nas reunións do profesorado implicado na elaboración deste proxecto lingüístico un dos problemas tratados foi a baixa competencia lingüística de gran parte do alumnado, independentemente da lingua empregada, e a consecuente repercusión na adquisición doutros coñecementos, debería incluírse neste proxecto un cuarto aspecto: medidas para a mellora da competencia lingüística do alumnado.

Como última consideración, este proxecto lingüístico enmárcase no mencionado Decreto para o “plurilingüismo” no ensino, polo que cómpre aclarar o concepto de plurilingüismo e considerar as

súas implicacións. O plurilingüismo non consiste no coñecemento ou coexistencia de varias linguas (isto sería o concepto de multilingüismo), senón que enfatiza a integración dos coñecementos que xurden da experiencia lingüística persoal do individuo, na que as linguas se relacionan e interactúan.

En primeiro lugar, hai que entender que a competencia plurilingüe é una rede complexa dos coñecementos e as experiencias lingüísticas que unha persoa vai adquirindo progresivamente. Isto significa que eses coñecementos non se incorporan á súa mente en compartimentos estancos e separados, senón que van establecendo relacións e consolidando una competencia plural. Tamén é una competencia parcial (que non reducida). É utópico pensar que se pode aprender un número ilimitado de linguas respecto a todas as actividades comunicativas. Isto supón un cambio respecto á visión tradicional do dominio de linguas, que poñía a énfase na idea de lograr un dominio absoluto nas distintas destrezas lingüísticas da lingua estranxeira para acadar a competencia propia do falante nativo. É una competencia heteroxénea, sendo perfectamente normais a variabilidade e o desequilibrio, e transitoria, pois o dominio das linguas evoluciona e enriquecese coa traxectoria persoal do individuo.

A adquisición dunha lingua nova será máis exitosa cando máis experiencia plurilingüe teña o aprendiz. A adquisición dunha lingua implica un proceso de formación e comprobación de hipóteses sobre o seu funcionamento. O aprendiz dunha segunda, terceira ou cuarta lingua xa posúe un ou varios sistemas dos que parte para realizar hipóteses. A experiencia de aprendizaxe e uso de segundas linguas producen una reorganización do sistema lingüístico, non só en cantidade de coñecemento, senón de calidade do novo sistema, que se fai máis complexo.

Estas consideracións sobre a competencia plurilingüe lévannos a dúas conclusións a ter en conta na elaboración do proxecto lingüístico:

1. A competencia lingüística ou plurilingüe mellora se se parte das linguas que xa se coñecen, polo que as aprendizaxes en linguas estranxeiras mellorarán se parten dunha boa competencia na lingua ou linguas propias.
2. A realidade lingüística de Galicia, con dúas linguas ambientais, debería ter como consecuencia un alumnado bilingüe nativo, e polo tanto máis competente lingüísticamente. Habería que deseñar estratexias para combatir a situación de diglosia e fomentar o trasvase de coñecementos dunha lingua a outra.

Todo isto viría a confirmar os puntos anteriores, en canto ao fomento da lingua galega e á garantía da competencia plena nas dúas linguas oficiais, e engadiría un quinto aspecto sobre o que traballar: o tratamento integrado de linguas. Esta metodoloxía está incluída na introdución a todos os currículos de linguas da LOMCE: “Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe”

No decreto só se sinala que “a realidade social europea en que vivimos nos sitúa nun espazo internacional de plurilingüismo que esixe un marco educativo que posibilite a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras”. E que “isto debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia.”

Isto apoia a nosa convicción de que o proxecto lingüístico debe abordarse dende a realidade lingüística galega e abrir camiños cara a outras linguas. As linguas presentes no centro non se sitúan nun mesmo plano: non se adquiren igual as linguas ambientais que as linguas estranxeiras ou que as linguas clásicas. Non se avanza igual partindo dunha lingua ambiental que dunha lingua de emigración (tamén presente no noso centro) nin aprendendo unha lingua estranxeira da mesma familia que a propia, como o portugués ou o francés, que de distinta familia, como o inglés.

O espazo internacional mencionado no decreto fai referencia á mobilidade laboral no contorno europeo, pero debemos ter en conta que antes de moverse nun mundo globalizado o noso alumnado debe saber relacionarse e comunicarse no seu contorno inmediato, no que hai dúas linguas ambientais, o galego e o castelán, en situación de diglosia. Vivimos nun mundo plurilingüe e a sociedade parece estar a favor do plurilingüismo, pero as medidas educativas que o desenvolvan teñen que axustarse á nosa realidade. E este proxecto lingüístico é o marco para decidir qué medidas adoptar.

2. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO IES DE MELIDE

a. Descrición sociolingüística do contexto


A maioría do alumnado do IES de Melide desenvólvese habitualmente nunha contorna caracterizada polo uso maioritario do idioma galego:

Aproximadamente o 57% dos seus proxenitores falan galego entre si e diríxense neste mesmo idioma cunha porcentaxe semellante aos seus fillos, sendo nun 15% inferior ao uso do galego dos seus avós.

As primeiras verbas do noso alumnado pronunciáronse empregando de xeito exclusivo o galego para algo máis do 48%, sendo ao redores do 38% para o idioma castelán.


7. En que lingua se dirixe a ti túa nai?

78 respostas




8. En que lingua se dirixe a ti teu pai?

76 respostas



12. Que lingua falas habitualmente na casa?


78 respostas



Na casa, o noso alumnado fala galego nunha porcentaxe cercano ao 50%, usando o 12% máis galego que castelán, o 9% máis castelán que galego e o 12% para os que usan soamente o castelán; un 2% falan outro idioma e preto do 15% elixen a lingua a utilizar en función da compañía.

13. Que lingua falas habitualmente cos teus amigos/as fóra do instituto?

78 respostas





Nas relacións sociais cos seus semellantes, no seu tempo de lecer, os índices do uso exclusivo do galego baixan ata situarse preto do 35%.

Estes e outros datos, que non expoñemos neste plan, forman parte dun estudo realizado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES de Melide (maio, 2019) que levaba por título: “O que pensa, o que vive, alumnado do IES de Melide... sobre a lingua e outras cousas”.

Neste estudo apréciase tamén que nestes últimos catro anos o uso da lingua galega no centro por parte do alumnado estase a manter, pero precisamos necesario manter especial atención ao capítulo 4 deste proxecto.


Resultados da enquisa 2016:



Resultados da enquisa 2019:


16. En que lingua escribes habitualmente os teus apuntamentos?



76 respostas



17. En que lingua realizas habitualmente as probas escritas (exames)?


76 respostas






18. Cambiaches de lingua habitual algunha vez na túa vida?

78 respostas



19. No caso de que algunha vez cambias a túa lingua habitual, que lingua falabas até ese momento?

50 respostas



Por outra banda, en diferentes reunións que se tiveron nestes últimos anos no centro, podemos concluír que as familias son conscientes da necesidade dun plurilingüismo na escola que amplíe as posibilidades de desenvolvemento persoal, social e profesional.

Algunhas conclusións tiradas destes estudos.

Da análise dos resultados sintetizados ata aquí, así como dalgúns cruzamentos de datos realizados, poderían tirarse cando menos as seguintes conclusións:

1. As diferenzas que se detectan entre as investigacións son pequenas pero, en todo caso, semella que a medida que avanzamos no tempo a situación do galego non mellora significativamente.
2. A lingua utilizada pola maior parte do alumnado do IES de Melide é o galego.
3. A lingua na que aprendeu a falar a maioría dos alumnos e alumnas do IES de Melide foi o galego.
4. A lingua que utilizan pai e nai para falaren entre si é, na maior parte dos casos, o galego, así como a lingua na que se dirixen pai e nai a fillo/a, se ben no caso das nais a porcentaxe das que falan cos/coas fillos/as en galego é lixeiramente inferior que no caso do pai.
5. A presenza do castelán entre os membros da poboación de maior idade (avós) é mínima. O uso do galego por parte dos avós é sensiblemente superior ao seu uso por parte dos pais, o cal pode ser indicativo da ruptura da transmisión xeracional. Esta ruptura é tamén patente na seguinte xeración.
6. A lingua utilizada pola nai para dirixirse ao/á fillo/a parece ser máis determinante que a utilizada polo pai no que á primeira lingua se refire.

7. No ámbito familiar a presenza do castelán é escasa, e hai unha pequena porcentaxe do alumnado que utiliza galego ou castelán dependendo de se fala co pai ou coa nai.
8. A lingua utilizada para relacionarse cos/coas amigos/as fóra do instituto é, na meirande parte dos casos, o galego. A porcentaxe de alumnado que utiliza exclusivamente o galego para relacionarse é menor que a dos que o utilizan na casa, pero, globalmente, o uso do galego é maior, o que pode dar unha idea da importancia que ten o medio para a elección de lingua.
9. A lingua utilizada por alumnos e alumnas para relacionárense fóra das aulas é o galego na maior parte dos casos, aínda que o seu uso exclusiva perde vixencia cando se atravesa a porta da casa cara ao exterior.
10. Co profesorado, a maior parte dos/as alumnos/as utiliza só o galego ou máis galego que castelán, pero é significativa a porcentaxe que utiliza unha lingua ou outra en función da lingua utilizada polo/a profesor/a.
11. A respecto dos apuntamentos, unha parte significativa do alumnado utiliza unha ou outra en función da lingua utilizada polo/a profesor/a.
12. A respecto do uso do galego nas probas escritas, os resultados son moi similares aos obtidos no caso da lingua utilizada para falar cos/as profesores/as.
13. Da reflexión sobre os resultados obtidos nos tres apartados anteriores infírese, unha vez máis, a importancia que ten a lingua utilizada polo profesorado á hora de normalizar o uso do galego.
14. No que ao cambio de lingua se refire, cómpre dicir que a maior parte do alumnado non cambiou nunca de lingua. Nos casos en que isto ocorreu, o feito de que ese abandono tivese como causa máis importante o cambio de residencia, é indicativo de que, cando menos nalgúns medios, a tradicional asociación urbano-castelán, rural-galego, segue a funcionar, e que prexuizos e complexos a respecto da lingua afloran á mínima ocasión. A porcentaxe daqueles que cambiaron para castelán por opción persoal é significativa, sorprendente e inesperada neste medio.
15. O cambio de castelán para galego ten como motivo principal o cambio no lugar de residencia, mais a porcentaxe dos/as que o fan como opción persoal é cada vez máis significativa.
16. O cambio de galego para castelán ten como motivo principal o cambio no lugar de residencia, mais a porcentaxe dos/as que o fan motivados pola escola é cada vez máis elevada, co que se pon de manifesto a importancia do ámbito escolar nos usos lingüístico de rapaces e rapazas.

3. DETERMINACIÓN DA LINGUA VEHICULAR POR CURSO.

(En cumprimento do Decreto 79 / 2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia)

1º ESO

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega Literatura	4	13
	Lingua Castelá e Literatura	4	
	1ª Lingua Estranxeira	3	
	2º Lingua Estranxeira	2	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 13	19 (10 en galego) (9 en castelán)
--	---------	---

GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir obrigatoriamente en GALEGO	Bioloxía e Xeoloxía	4	10
	Xeografía e Historia	3	
Materias a impartir en GALEGO	Titoría	1	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	

CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir obrigatoriamente en CASTELÁN	Matemáticas	5	9
Materias a impartir en CASTELÁN	Educación Física	2	
	Relixión / Valores Éticos	1	
	Materia Libre Configuración	1	

2º ESO

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega Literatura	3	11
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1º Lingua Estranxeira	3	
	2º Lingua Estranxeira	2	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 11	21 (10 en galego) (11 en castelán)
--	---------	--

GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir obrigatoriamente en GALEGO	Xeografía e Historia	3	10
Materias a impartir en GALEGO	Educación física Titoría	2	
	Materia Libre Configuración	1	
	Música	2	
	Relixión / Valores Éticos	1	
	Titoría	1	

CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir obrigatoriamente en CASTELÁN	Matemáticas	5	11
	Física e Química	3	
	Tecnoloxías	3	

- As seccións bilingües impartiranse na lingua de referencia que ten asignada a materia cursada.

3º ESO

Número total de periodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega Literatura	3	11
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1ª Lingua Estranxeira	3	
	2º Lingua Estranxeira (1)	2	

Número de periodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 11	21 (11 en galego) (10 en castelán)
--	---------	--

GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir obrigatoriamente en GALEGO	Bioloxía e Xeoloxía	2	11
	Xeografía e Historia	3	
Materias a impartir en GALEGO	Titoría	1	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	
	Música	2	
	Relixión/ Valores Éticos	1	

CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir obrigatoriamente en CASTELÁN	Matemáticas	4	10
	Física e Química	2	
	Tecnoloxías	2	
Materias a impartir en CASTELÁN	Educación Física	2	

(1) Cultura clásica impártese como posible optativa xunto á 2ª lingua estranxeira; óptase por deixar a elección da lingua segundo o criterio do profesorado que imparte a materia.

.- As seccións bilingües impartiranse na lingua de referencia que ten asignada a materia cursada.

4º ESO

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega e Literatura	3	9
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1ª Lingua Estranxeira	3	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 9	23 (11 en galego) (12 en castelán)
--	--------	--

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias TRONCAIS e TRONCAIS DE OPCIÓN (14h)	Titoría	1	galego
	Xeografía e Historia	3	galego (obligatorio)
	Matemáticas / Mat. Aplicadas	4	castelán (obligatorio)
	Bioloxía e Xeoloxía	3 (1)	galego (obligatorio)
	Economía	3 (1)	castelán
	Física e Química	3 (1)	castelán (obligatorio)
	Latín	3 (1)	castelán
	Ciencias Aplicadas Activ. Profes.	3 (1)	castelán
	Iniciación Activ. Emprendedora	3 (1)	castelán
Tecnoloxía	3 (1)	castelán	

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias ESPECÍFICAS (9h)	Educación Física	2	castelán
	Relixión / Valores Éticos	1	galego
	Específicas e de Libre Configuración de centro (2)	6	galego

	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONF. DE CENTRO	TOTAL
Nº HORAS A IMPARTIR EN GALEGO	4	7 (2)	11
Nº HORAS A IMPARTIR EN CASTELÁN	10 (3)	2	12

- (1) O alumnado debe cursar segundo as súas preferencias 2 materias.
- (2) A materias de 2ª Lingua Estranxeira cursaranse na lingua respectiva.
- (3) A materias de Bioloxía e Xeoloxía con atención á normativa ten que ser cursada obrigatoriamente en galego.

1º Bacharelato – Modalidade Ciencias

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega e Literatura	3	9
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1ª Lingua Estranxeira	3	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 9	23 (11 - 12 en galego) (11 - 12 en castelán)
--	--------	--

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias TRONCAIS e TRONCAIS DE OPCIÓN (15h)	Filosofía	3	galego
	Matemáticas	4	castelán
	Bioloxía e Xeoloxía	4 (1)	galego
	Debuxo Técnico	4 (1)	galego
	Física e Química	4 (1)	galego

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias ESPECÍFICAS e de LIBRE CONFIGURACIÓN (8h)	Educación Física	2	castelán
	Específicas e de Libre Configuración de centro (2)	6	castelán

	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONF. DE CENTRO	TOTAL
Nº HORAS A IMPARTIR EN GALEGO	11	0	11
Nº HORAS A IMPARTIR EN CASTELÁN	4	8 (2)	12

- (1) O alumnado debe elixir segundo as súas preferencias 2 materias de entre 3.
 (2) A materias de 2ª Lingua Estranxeira cursaranse na lingua respectiva. As materias con carga horaria de 1 hora (relixión, reforzos...) poderán impartirse en lingua galega.

1º Bacharelato – Modalidade Humanidades

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega e Literatura	3	9
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1ª Lingua Estranxeira	3	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 9	23 (11 - 12 en galego) (11 - 12 en castelán)
--	--------	--

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias TRONCAIS e TRONCAIS DE OPCIÓN (15h)	Filosofía	3	galego
	Latín	4 (1)	castelán
	Matemáticas Aplicadas	4 (1)	castelán
	Economía	4 (2)	galego
	Grego	4 (2)	galego
	Hª do Mundo Contemporáneo	4 (2)	galego
	Literatura Universal	4 (2)	galego

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias ESPECÍFICAS e de LIBRE CONFIGURACIÓN (8h)	Educación Física	2	castelán
	Específicas e de Libre Configuración de centro (3)	6	castelán

	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONF. DE CENTRO	TOTAL
Nº HORAS A IMPARTIR EN GALEGO	11	0	11
Nº HORAS A IMPARTIR EN CASTELÁN	4	8 (3)	12

(1) Trátase de materias impartidas nas mesmas franxas horarias en atención á optatividade exercida polo alumnado.

(2) O alumnado na matrícula debe elixir segundo as súas preferencias 2 materias de entre 3.

(3) A materias de 2ª Lingua Estranxeira cursaranse na lingua respectiva. As materias con carga horaria de 1 hora (relixión, reforzos...) poderán impartirse en lingua galega

2º Bacharelato – Modalidade Ciencias

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	Lingua Galega e Literatura	3	9
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1ª Lingua Estranxeira	3	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 9	23 (11 - 12 en galego) (11 - 12 en castelán)
--	--------	--

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias TRONCAIS e TRONCAIS DE OPCIÓN (15h)	Hª de España	3	galego
	Matemáticas II	4	castelán
	Bioloxía	4 (1)	galego
	Debuxo Técnico II	4 (1)	galego
	Física	4 (1)	galego
	Química	4 (1)	galego
	Xeoloxía	4 (1)	galego

	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Materias ESPECÍFICAS e de LIBRE CONFIGURACIÓN (8h)	Específicas e de Libre Configuración de centro (2)	8	castelán

	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONF. DE CENTRO	TOTAL
Nº HORAS A IMPARTIR EN GALEGO	11	0	11
Nº HORAS A IMPARTIR EN CASTELÁN	4	8 (2)	12

- (1) O alumnado debe elixir segundo as súas preferencias 2 materias de entre 5.
- (2) A materias de 2ª Lingua Estranxeira cursaranse na lingua respectiva. As materias con carga horaria de 1 hora poderán impartirse en lingua galega. A materia Literatura Galega do Século XX impartirase galego.

2º Bacharelato – Modalidade Humanidades

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
	Lingua Galega e Literatura	3	9
	Lingua Castelá e Literatura	3	
	1ª Lingua Estranxeira	3	

Número de períodos lectivos semanais para os cales é necesario establecer a lingua vehicular	32 – 9	23 (11 - 12 en galego) (11- 12 en castelán)
--	--------	---

Materias TRONCAIS e TRONCAIS DE OPCIÓN (15h)	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
	Hª de España	3	galego
	Latín	4 (1)	castelán
	Matemáticas Aplicadas	4 (1)	castelán
	Economía da empresa	4 (2)	galego
	Grego II	4 (2)	galego
	Hª da Arte	4 (2)	galego
	Hª da Filosofía	4 (2)	galego
	Xeografía	4 (2)	galego

Materias ESPECÍFICAS e de LIBRE CONFIGURACIÓN (8h)	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
	Específicas e de Libre Configuración de centro (3)	8	castelán

	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONF. DE CENTRO	TOTAL
Nº HORAS A IMPARTIR EN GALEGO	11	0	12
Nº HORAS A IMPARTIR EN CASTELÁN	4	8 (3)	11

(1) Trátase de materias impartidas nas mesmas franxas horarias en atención á optatividade exercida polo alumnado.

(2) O alumnado na matrícula debe elixir segundo as súas preferencias 2 materias de entre 5.

(3) A materias de 2ª Lingua Estranxeira cursaranse na lingua respectiva. As materias con carga horaria de 1 hora poderán impartirse en lingua galega. Algunhas materias deberán ser impartidas en galego: Literatura Galega do Século XX.

(*) Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Artigo 9º.-Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.

Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.

FP BÁSICA – CARPINTARÍA E MOBLE

1º CURSO

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
	Com. E Soc. Inglés	2	2

GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir en GALEGO	Comunicación e Sociedade I	3/5	15
	Ciencias aplicadas I	2/6	
	Operacións Básicas de Mecanizado de Madeira e Derivados (*)	10	

CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir en CASTELÁN	Comunicación e Sociedade I	2/5	15
	Ciencias Aplicadas I	4/6	
	Materiais e Produtos textís (*)	3	
	Instalación de Elementos de Carpintaría e Moble (*)	5	
	Titoría	1	

2º CURSO

Número total de períodos lectivos	32
-----------------------------------	----

Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
	Com. E Soc. Inglés	2	2

GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir en GALEGO	Comunicación e Sociedade II	3/5	15
	Ciencias aplicadas II	3/7	
	Operacións Básicas de Mecanizado de Madeira e Derivados (*)	8	
	Titoría	1	

CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir en CASTELÁN	Comunicación e Sociedade II	2/5	15
	Ciencias Aplicadas II	4/7	
	Tapizados de Mobles (*)	7	
	Atención á Clientela	2	

CICLO MEDIO DE FP – CARPINTARÍA E MOBLE

1º CURSO

Número total de períodos lectivos			36
GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir en GALEGO	Operacións Básicas de carpintería. (*)	9	18
	Operacións Básicas de Moblaxe (**)	9	
CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir en CASTELÁN	Control de Almacén (*)	2	18
	Formación e Orientación Laboral (*)	4	
	Materiais en Carpintería e Moble (*)	5	
	Solucións Construtivas (*)	7	

2º CURSO

Número total de períodos lectivos			36
GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir en GALEGO	Acabamentos en Carpintería (*)	5	19
	Mecanizado de Madeira e Derivados (*)	9	
	Montaxe de Carpintería e Moble (*)	5	
CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir en CASTELÁN	Documentación Técnica (*)	8	17
	Mecanizado por Control Numérico (*)	6	
	Empresa e Iniciativa Emprendedora	3	

(*) Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Artigo 9º.-Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.

Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acadará a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.

ESA

Módulo 3 / Módulo 4

Número total de períodos lectivos			20
Materias de linguas (deben ser impartidas nas linguas respectivas)	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS DE LINGUAS
	Com. E Soc. Inglés	2	2
GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir en GALEGO	Ámbito Comunicación	3/5	9
	Ámbito Social	4	
	Ámbito Científico Tecnolóxico	2/8	
CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir en CASTELÁN	Amb. Científico Tecnolóxico	6/8	9
	Ámbito Comunicación	2/5	
	Titoría	1	

EBI

Número total de períodos lectivos			12
GALEGO	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN GALEGO
Materias a impartir en GALEGO	Ámbito Comunicación	3/5	6
	Amb. da Ciencia, sociedade, tecnoloxía e Desenvolvemento e Iniciativa Persoal	2/2	
	Titoría	1/1	
CASTELÁN	MATERIA	PERÍODOS SEMANAIS	PERÍODOS LECTIVOS TOTAIS EN CASTELÁN
Materias a impartir en CASTELÁN	Ámbito Comunicación	2/5	6
	Amb. da Competencia Matemática	4/4	

4. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Impulsadas e coordinadas coa biblioteca, os departamentos didácticos e a vicedirección do centro, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega vén levando a cabo unha serie de actividades e colaboracións para que o alumnado e o resto da comunidade educativa adopten o galego como idioma vehicular principal tanto nos ámbitos e contextos formais como informais.

“O artigo 15º do Decreto 79/2010 recórdanos:

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado e por representantes do alumnado.
2. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.
3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego...”

Para poñer freo á situación descrita no punto 2, a saber: “Neste estudo apréciase tamén que nestes últimos anos o uso da lingua galega no centro por parte do alumnado está a baixar, polo que é necesario prestar atención ao capítulo 4 deste proxecto”, propóñense medidas como:

1. Divulgar os datos máis destacados que se desprenden dos estudos realizados nos últimos anos sobre a realidade lingüística de Galicia, en xeral, e do IES de MELIDE en particular.
2. Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Melide, para reafirmalo como lingua de uso habitual en calquera circunstancia.
3. Implicar a toda a comunidade educativa no proxecto lingüístico, a través de campañas específicas, comunicación coas familias, cursos...
4. Aproveitar as actividades extraescolares e complementarias como un medio ideal para introducir o alumnado na vida do centro e para implicar aos alumnos/as con escasa competencia lingüística en galego nas actividades organizadas dende o Equipo de Normalización e dende outros departamentos:
 - Participar na emisora de radio escolar Falamelide.
 - Participar nas obras de teatro que realiza o Grupo Teiroa.
 - Asistir a conferencias, exposicións, viaxes culturais...

- Participar no deporte escolar.
 - Colaborar na actualización do taboleiro da lingua.
 - Asistir ao Cineforum, no que se proxectarán películas en galego.
 - Participar nas actividades recollidas no Plan Lector da Biblioteca.
4. Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
5. Proporcionar ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega, prestándolles especial atención a todos os relacionados coas TIC.
6. Fomentar, desde o propio centro a elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade, para impartir aulas en galego, e de recursos para a súa aprendizaxe por parte do alumnado estranxeiro e do que ten necesidades educativas especiais.
7. Solicitar á Administración unha axeitada dotación de recursos TIC en galego (escasísimo incluso para aquelas materias que deben impartirse na nosa lingua), para que o galego non fique afastado das novas tecnoloxías tal e como está a acontecer.
10. Introducir progresivamente o portugués como materia optativa co obxectivo de potenciar o coñecemento do galego como porta aberta ao portugués (coas súas posibilidades laborais e económicas).

5. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

Coa presenza nos currículos educativos do ámbito europeo das competencias claves, entre elas a competencia en comunicación lingüística, avanzamos cara a un traballo colaborativo, xa que o desenvolvemento das ditas competencias é tarefa de todo o profesorado.

Este traballo colaborativo para mellorar a competencia comunicativa do alumnado implica chegar a acordos e tomar decisións sobre distintas liñas de actuación a distintos niveis:

1. A nivel de centro, principalmente desde a dirección.
 2. A nivel do profesorado de todos os departamentos didácticos.
 3. A nivel do profesorado de linguas.
1. Dende a dirección do centro formúlanse os seguintes obxectivos e liñas de actuación:
- a. Impulsar responsabilidades compartidas entre o profesorado.

Promoción dende o centro de posibilidades de formación, tempos e espazos de traballo para que o profesorado colabore se coordine en dous sentidos principalmente:

- coordinación entre o profesorado de linguas para a elaboración dun currículo integrado de linguas.
 - coordinación entre o profesorado das áreas non lingüísticas e as áreas lingüísticas, de maneira que as súas intervencións se reforcen mutuamente.
- b. Apostar pola inclusión do alumnado en grupos heteroxéneos e o traballo colaborativo por proxectos globais e interdisciplinares nos que se traballen as destrezas lingüísticas e se reflexione sobre a lingua e o tipo de textos.
- c. Impulsar a biblioteca, o club de lectura e o club de ciencia como recurso imprescindible para a mellora da competencia comunicativa.

A biblioteca é a que debe desenvolver o Proxecto Lector do Centro. Tanto a biblioteca como o club de lectura do centro desempeñan un papel clave para o fomento da lectura e o acceso á información e, consecuentemente, para a mellora da competencia lectora e dixital do alumnado.

A biblioteca, que conta con recursos necesarios, proporcionará materiais informativos actualizados, diversos, apropiados e suficientes en número e calidade para a mellora das aprendizaxes en todas as linguas que se ensinan no centro.

Tamén xoga un papel importante no fomento das capacidades de creación literaria, artística e investigadoras do alumnado mellorando a súa destreza no manexo de distintas fontes de información (bibliográfica e na rede), no labor de selección crítica de información e na redacción e presentación de contidos.

- d. Participar en diferentes programas de innovación educativa e de potenciación de linguas estranxeiras.

Tendo en conta a autonomía dos centros, e para ampliar recursos económicos, materiais e humanos solicitarase formalizar anualmente coa Administración (educativa) un contrato programa que recolla actuacións cara a mellora da competencia clave en comunicación lingüística.

Seguirase a desenvolver as accións do plan de potenciación de linguas estranxeiras: programa Cuale, seccións bilingües e auxiliar de conversa.

Impulsaremos a participación da comunidade educativa á participación de proxectos erasmus+.

- e. Favorecer a competencia comunicativa desde o Plan de ACeE (Actividades Complementarias e Extraescolares).

A programación e o desenvolvemento das ACeE debe ir dirixida a potenciar, entre outras, a competencia comunicativa nas diferentes linguas que se imparten no centro en consonancia co formulado neste proxecto lingüístico de centro.

Impulsará e favorecerá o uso coordinado das linguas nas conmemoracións e celebracións, obradoiros, charlas e conferencias, exposicións e concursos, representacións teatrais e actuacións musicais, publicacións, producións audiovisuais, proxeccións e viaxes...

2. A nivel do profesorado, o equipo redactor deste proxecto lingüístico presenta varias propostas para mellorar a competencia comunicativa desde todos os departamentos didácticos. O principio do que parten é a coordinación, con unificación de obxectivos e criterios de avaliación.

PROPOSTA 1 para traballar o Tratamento da Información

Trátase de ensinar ao alumno a extraer as ideas principais dun texto oral ou escrito, por medio da elaboración de esquemas e mapas conceptuais, sobre todo naquelas materias con máis carga teórica, de modo que os alumnos rentabilicen as aprendizaxes memorísticas mediante a relación de conceptos.

PROPOSTA 2: Para traballar a Expresión Oral

Pretende que todos os alumnos, polo menos unha vez ao longo do curso, fagan una exposición oral, preferiblemente facendo uso das novas tecnoloxías.

Utilizaríase unha rúbrica común para avaliar.

PROPOSTA 3: Para traballar a Expresión Escrita

Trata de mellorar os seguintes elementos lingüísticos:

- Coherencia (unidade de sentido).
- Cohesión (a conexión lóxica entre enunciados).
- Adecuación (emprego dun rexistro axeitado, emprego de contidos axustados ao tema).
- Corrección ortográfica (faltas ortográficas, uso de puntuación).
- Corrección gramatical (frases truncadas, omisión de complementos...).
- Riqueza léxica.

Esta proposta concrétase nas programacións didácticas dos departamentos.

PROPOSTA 4 para traballar o Comentario de Textos

Elaboración dun modelo con pautas para comentar un texto expositivo ou argumentativo, no que se recolla:

- Vocabulario.
- Tema do texto.
- Tese ou opinión do autor.
- Argumentos empregados para defender a tese.
- Elementos lingüísticos como o uso de conectores (causa, consecuencia...).

PROPOSTA 5 para fomentar o uso do galego no Ámbito Científico

Propónse que se desenvolvan en galego as ACeE organizadas polos departamentos didácticos que non son de linguas e que teñen que impartir as súas asignaturas en lingua castelá, para que o alumnado destas materias poida ser competente nestas materias nas dúas linguas oficiais. Responde esta proposta aso feito de que as asignaturas de ámbito científico deben impartirse en lingua castelá, polo que o alumnado necesitaría mellorar á súa competencia en lingua galega neste ámbito.

Pola outra banda, as ACeE que teñen que impartirse en lingua galega, se os docentes consideran que o alumnado ten a competencia lingüística en galego ou a actividade ten un gran interese para a asignatura, poderán ser en lingua castelá.

PROPOSTA 6 para traballar a Comprensión Escrita

Establecer “o intre de ler”.

PROPOSTA 7 para avaliar a Expresión Escrita e Oral

Utilización de rúbricas comúns en todos os departamentos, para que o alumnado teña claros os criterios para unha correcta expresión, tanto oral como escrita.

3. A nivel do profesorado de linguas, propónse o Tratamento Integrado de Linguas.

6. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

Segundo os principios metodolóxicos do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, e buscando a mellor e máis efectiva práctica docente, propónse o tratamento integrado de linguas, baseado na transferencia de aprendizaxes entre linguas. A coordinación entre os departamentos de linguas aproveitaría así similitudes gramaticais, os coñecementos teóricos, as estratexias e destrezas previamente adquiridos para rendibilizar a aprendizaxe e evitar repeticións. Por outra banda, fomentaría a retroalimentación na aprendizaxe das distintas linguas, xa que o que o coñecemento dunha lingua aplícase noutra, a lingua estranxeira apréndese a partir da lingua propia e a reflexión sobre a lingua estranxeira leva a un proceso comparativo coa lingua propia que favorece a aprendizaxe desta. As vantaxes que se conseguirían con esta metodoloxía de traballo serían:

- Traballo de ámbitos comúns desde calquera lingua: reflexión, conceptos xerais, atitude cara ás linguas.
- Optimización do tempo pola selección de contidos.
- Tránsito do aprendido dunha lingua a outra.
- Coherencia didáctica, ao utilizar a mesma metodoloxía.
- Deseño de actividades máis eficaz.
- Metalinguaxe unificada.

A finalidade sería pois evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua e lograr coherencia pedagóxica, coa consecuente optimización do tempo e dos recursos.

Para levar a cabo este tratamento integrado, os xefes dos departamentos de linguas deben reunirse e tratar distintos aspectos da programación e da práctica docente para acadar un consenso:

1. Acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.
2. Acordos sobre a terminoloxía a empregar.

3. Tratamento dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística.

Reunido o profesorado das distintas linguas partícipe na comisión redactora do presente Proxecto Lingüístico o venres, 20 de novembro de 2015, acórdase:

1. Que as propostas para a mellora da competencia comunicativa deben ser debatidas nos departamentos, antes de ser levadas á CCP.
2. Que se debaterá e se traballará sobre o Tratamento Integrado de Linguas.
3. Que a programación integrada de linguas precisa de polo menos un curso académico de traballo por parte dos distintos departamentos de linguas para levalo a cabo.
4. Que se pretende chegar a unha coordinación eficaz, con acordos realistas que se leven a cabo na práctica docente, primando a eficacia sobre a rapidez.
5. Que o profesorado de linguas se reunirá unha vez ao mes durante o presente curso académico para coordinarse e chegar a acordos sobre o TIL.
6. Que en cada reunión se traballará sobre un só aspecto, con propostas e achegas dende os distintos departamentos de linguas.
7. Que se traballará sobre os seguintes aspectos:
 - a. Terminoloxía.
 - b. Secuenciación de contidos.
 - c. Léxico (ex.: expresión das emocións).
 - d. Competencia lectora.
 - e. Expresión oral.
 - f. Avaliación da expresión escrita e oral: rúbricas. (ex.: adecuación á tarefa -que contesten sobre o que se pregunta-).
 - g. Tipoloxía textual.
 - h. Pautas comúns para o comentario de textos.
 - i. Comprensión oral (ex.: escoitar ao compañeiro, prestar atención).
8. Que os acordos que se acaden sobre o TIL serán incluídos nas respectivas programacións do vindeiro curso e na addenda do Proxecto Lingüístico.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O equipo directivo será coherente co proceso da calidade que se desexa desenvolver no centro e valorará o grao de cumprimento do proxecto, dando conta de logros e fracasos e das accións realizadas para mellorar o grao de satisfacción da comunidade escolar.

Empregaranse para a súa avaliación procedementos baseados nunha observación planificada, sistemática e rexistrada, recorreremos así mesmo a sistemas de valoración obxectivos que quedarán reflectidos en informes e estatísticas.

Serán todos os sectores da comunidade educativa, a través de diferentes enquisas, os que avalíen e fagan un seguimento deste proxecto.

En base ao liderado compartido e co máximo consenso posible no centro tratarase de consolidar os acertos e corrixir os eventuais erros de organización e posta en práctica.

O Decreto 79/2010 recolle que cada catro cursos escolares o Proxecto Lingüístico será remitido á Inspección educativa para a súa supervisión, pero que anualmente se elaborará unha addenda cos cambios que se produzan e coa información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.